



## Delegación de Santuarios, Peregrinacións e Turismo

Delegado: D. Javier Alonso Docampo

info@afraquelra.org

### Obxectivo

*Vivir a celebración da Eucaristía nas celebracións (romarías, festas, peregrinacións e santuarios) como encontro renovador da fe e impulso para a vivencia da caridade.*

### Actividades

#### 1.- Materiais a realizar.

- 1.1. Seguir recollendo datos dos Santuarios e lugares da Piedade popular da Diocese para incorporalos á páxina web e dunha aplicación que facilite a información ás parroquias, ós peregrinos e ós turistas.
- 1.2. Reunións cos párrocos de santuarios e ermidas para a posta en común de materiais, iniciativas e impulsar unha pastoral de carácter evanxelizador, renovando as celebracións da Eucaristía nos encontros festivos.

#### 2.- Pastoral dos Santuarios

- 2.1. Animar a posta en práctica das orientacións e normas diocesanas sobre Romarías e Festas Relixiosas que emanan das “Orientacións diocesanas sobre as festas relixiosas populares, romarías e festas patronais”, (*Estas orientacións son o resultado do traballo do Consello de presbiterio da diocese durante 4 xornadas de Asemblea plenaria e foron aprobadas polo Sr. Bispo en data 1 de agosto de 1987. BO nº 8 1987, pax 337-350*) e tamén o “Directorio de Pastoral de Santuarios da Diocese de Tui- Vigo” (*BOnº 2691, ano 2001, pax 179-236*).
- 2.2. Realizar un encontro de santuarios e lugares de veneración da Diocese para revisar e poñer en práctica as orientacións diocesanas.
- 2.3. Organizar unha xornada de encontro de Cofradías da Diocese.

#### 3.- Peregrinacións

- 3.1. Animar a participación en peregrinacións de ámbito diocesano e parroquial.
- 3.2. Facilitar a través da páxina web da diocese e de diversos medios as peregrinacións que se organizan na Diocese.

#### 4.- Turismo

- 4.1. Divulgar a oración do turista.
- 4.2. Manter contacto coas parroquias que acollen turistas e impulsar a dimensión da acollida.
- 4.3. Facer chegar a mensaxe da xornada mundial do turismo.